



MEMORIA

MEM1: ORGANIZACIÓN.

O Instituto Municipal de Deportes é un organismo autónomo pertencente ao Concello de Pontevedra, regulado polos seus propios estatutos aprobados definitivamente por resolución da alcaldía de data 23 de maio de 1996 (*BOP nº 113, do 12 de xuño de 1996*)

O seu órgano reitor é a Xunta Reitora, constituída polo Presidente e catorce vogais: tres pertencentes ao grupo municipal do BNG, catro ao Partido Popular, un vogal do PSOE, tres vogais por parte dos clubs, un vogal da ANPA, outro vogal da Secretaría Xeral para o Deporte e por último o vogal da Consellería de Educación.

MEM2 :XESTION DE SERVICIOS PUBLICOS.

Atópase en prórroga a explotación do servizo público de xestión, explotación das instalacións deportivas de Campolongo (piscina cuberta e climatizada, squash, ximnasio e cafetería), logo do acordo adoptado pola Xunta Reitora o 28 de xuño de 2013.

MEM3: BASES DE PRESENTACION DAS CONTAS.

Ao longo do exercicio económico, tanto no rexistro das operacións económico-financeiras, como na elaboración das contas anuais se seguiron as disposicións do Modelo Normal da ICAL 2004.

En ningún caso foi necesaria a utilización de outros principios contables que se separaran dos criterio dos principios contables públicos para a consecución da imaxe fiel.

MEM4: NORMAS DE VALORACION.

Para a dotación das amortizacións do Inmobilizado Inmaterial, e tendo en conta as dificultades que para o seu cálculo constitúe o feito de que non se conte nin con un Inventario Municipal, nin con un Inventario contable, se seguen os criterios de amortización sinalados nas Bases de Execución do Orzamento. O seu cálculo ven especificado no informe do OXPC á Conta Xeral.

Polo que respecta á dotación da provisión para insolvencias, se seguiu o criterio establecido nas Bases de Execución do Orzamento para o cálculo dos dereitos de difícil ou imposible recadación.

